

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020362	IES Plurilingüe de Valga	Valga	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	23
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia na Educación Secundaria Obrigatoria ten a finalidade de ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de ampliar o coñecemento e afondar na comprensión, análise e interpretación da realidade social na que vive. Esta materia inclúe o coñecemento da organización e funcionamento da sociedade, no momento actual e ao longo do tempo e o territorio no que se sitúa. Ademais contribúe a desenvolver as capacidades recolleitas nos obxectivos xerais da etapa relacionadas co coñecemento científico e co coñecemento, a valoración e o respecto da cultura, a historia e o patrimonio natural, artístico e cultural, de forma concreta en Galicia. Deste xeito, o papel da Xeografía e Historia na Educación Secundaria Obrigatoria é esencial para a consecución dos obxectivos da etapa. Esta finalidade maniféstase en varios aspectos que pasamos a destacar:

- Preténdese afondar no coñecemento da sociedade actual, de forma concreta a galega, da súa organización e funcionamento nun territorio, a través do tempo e na actualidade, utilizando o aprendido polo alumnado na etapa anterior na área de coñecemento do medio natural, social e cultural.

- Axúdaselle ao alumnado a que adquira os coñecementos, destrezas e actitudes necesarias para comprender a realidade do mundo en que viven, as experiencias colectivas pasadas e presentes, así como o espazo en que se desenvolve a vida en sociedade.

- Favorécese a adquisición dunhas referencias básicas sobre o devir histórico que permitan incorporar aprendizaxes posteriores.

- Proporciónaselle ao alumnado ideas fundamentais sobre a dimensión espacial das sociedades e a configuración territorial, entendida esta en ámbitos que van desde o local ao mundial, á vez que lle achega aos principios de interacción das sociedades e a súa contorna física, e posibilita que poida valorar a actuación dos homes no espazo e as potencialidades e construcións do medio.

- Permítese a adquisición dun maior grao de conciencia acerca da organización espacial das sociedades, especialmente a galega, as súas dimensións demográficas, económicas ou sociais, os modos de intervención e os seus posibles impactos.

- Proporciónaselle ao alumnado un coñecemento global necesario para a interpretación da realidade actual como construción humana no curso do tempo e un marco xeral para a comprensión do tempo histórico.

- Contribúese á adquisición progresiva de nocións espaciais e temporais, á análise da natureza multicausal e intencional da explicación dos feitos humanos e sociais ou o procesamento de informacións variadas.

- Achégaselle ao alumnado as distintas técnicas relacionadas co uso axeitado da información a través da observación ou da documentación, o seu tratamento, a súa organización, a súa representación gráfica ou a súa comunicación.

- Proporciónaselles a adquisición de procedementos e técnicas propias de cada disciplina, de maneira que o alumnado reciba uns coñecementos non pechados, e con iso se lles capacite para que, desde esta materia, poidan ir aprendendo no futuro por si mesmos, de xeito progresivamente autónomo.

Importante resulta adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente, ademais de desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato e o afastado, o propio e o alleo, o máis concreto e o máis abstracto, xustificando así a importancia que no currículo debe concedérselles aos aspectos da xeografía, a historia e a cultura de Galicia. Destacamos tamén a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso axeitado da información e o manexo da documentación. A finalidade da Xeografía e Historia no noso proxecto concretaríase, finalmente, en achegar unha visión global do mundo e un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

No caso do IES Plurilingüe de Valga reseñar que está situado no concello de Valga (Pontevedra). Trátase dun concello eminentemente rural cunha poboación aproximada duns 6000 habitantes que está distribuída en pequenos núcleos de poboación. A presenza da lingua galega é absolutamente maioritaria

entre o noso alumnado como lingua vehicular de uso cotiá en todas as súas actividades, con independencia do seu contexto de uso: falan galego tanto dentro da aula coma no patio de recreo, fálano tanto co profesorado coma entre si.

Agora ben, as derradeiras avaliacións de diagnóstico revelan unha competencia lingüística baixa que en xeral se mantén por debaixo da media de Galicia, aínda que polo que se refire á media dos centros do seu mesmo Índice Socioeconómico e cultural (ISEC) é moi similar. Das tres destrezas básicas analizadas na devandita proba ( comprensión lectora, comprensión oral e expresión escrita), é esta última a que deita peores resultados.

Con referencia a competencia social, na avaliación de diagnóstico, concluímos na necesidade de traballar a lectura e comprensión de documentos históricos, artísticos e xeográficos xunto cõa descripción e análise de gráficos, taboas e imaxes.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os reinos altomedievais	A fragmentación do Imperio Romano. As invasións, a sociedade e os reinos xermanos. O reino dos francos e o Imperio Carolinxio. O Imperio bizantino. Nacemento, evolución e os fundamentos do Islam. Sociedade, arte, cultura e ciencia islámicas.	9	9	X		
2	A Europa feudal	As bases da sociedade feudal: o campesiñado, a nobreza e o clero. A expansión da cristiandade.	9	9	X		
3	Románico, gótico e arte islámica	A arte románica. A arte gótica. A arte islámica.	9	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A Península Ibérica na Idade Media e o reino medieval de Galicia	Nacemento de Al-Andalus. O emirato e o califato. A vida e a cultura en Al-Andalus. Nacemento e evolución dos reinos cristiáns.	9	9	X		
5	Crise feudal e Baixa Idade Media	A expansión agrícola e comercial. O desenvolvemento da artesanía. A vida urbana na Idade Media. A crise do século XV.	9	9		X	
6	A Monarquía Hispánica	O Imperio español: Carlos I e Filipe II. A conquista de América.	9	9		X	
7	A conquista e colonización de América	A Europa do século XV. As viaxes de exploración. América antes da chegada de Cristovo Colón.	9	9		X	
8	Renacemento e Reforma	A arte renacentista. Reforma e Contrarreforma. A burguesía. O estado Moderno. Os Reis Católicos.	9	9		X	
9	O século do Barroco	A decadencia da monarquía hispánica. O absolutismo francés. As Provincias Unidas e Inglaterra. A arte barroca	7	9			X
10	Os desafíos demográficos	Os indicadores de poboación. O crecemento demográfico. As migracións. A poboación na UE, España e Galicia.	7	8			X
11	Un mundo de cidades	Os trazos que definen a cidade. Os grandes retos do mundo urbano. O medio rural fronte á cidade.	7	8			X
12	Desigualdade e cooperación	A paz. A comunidade internacional. As alianzas, as desigualdades e os conflitos entre os Estados. Cooperar para manter a paz.	7	8			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os reinos altomedievais	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Logra diferenciar unha fonte primaria dunha secundaria.	PE	100
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Sabe elaborar un eixe cronolóxico sobre as invasións bárbaras e os reinos xermánicos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica nun mapa as invasións bárbaras.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende a relevancia do Reino Visigodo e do Reino Suevo na historia de España e Galicia, respectivamente.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	É capaz de identificar os trazos esenciais da arte hispanovisigoda.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A Europa feudal	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	É capaz de diferenciar entre fontes primarias e secundarias.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Entende os trazos básicos do sistema feudal e da súa organización social.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora un proxecto, oral ou escrito, no que sintetiza os elementos básicos do feudalismo.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Comprende a relevancia do imperio carolinixio como precedente da idea de Europa.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Entende as desigualdades propias da sociedade feudal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
3	Románico, gótico e arte islámica	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Asimila os aspectos elementais da arte islámica.	PE	100
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Logra elaborar un eixe cronolóxico sobre a evolución da arte medieval.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Comprende os trazos básicos da cultura europea e islámica.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora a importancia do patrimonio artístico, histórico e cultural na sociedade actual.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Asimila os aspectos elementais da arte románica e gótica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A Península Ibérica na Idade Media e o reino medieval de Galicia	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica os cambios territoriais ocorridos na Idade Media peninsular a través de mapas históricos.	PE	100
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entende os aspectos culturais máis básicos de Al-Ándalus.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia fontes primarias e secundarias sobre a Reconquista.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende os principais feitos históricos da Idade Media peninsular e galega.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Asimilar a herdanza andalusí na cultura e sociedade actuais.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Coñece a orixe do Camiño de Santiago		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> <li>- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Crise feudal e Baixa Idade Media	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Coñece o ciclo demográfico antigo		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia entre fontes primarias e secundarias sobre a Baixa Idade Media.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica mapas históricos relacionados coa expansión comercial baixomedieval.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece os cambios sociais da Baixa Idade Media e os enfrontamentos civís provocados polos mesmos.	PE	100
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Realiza unha exposición, oral ou escrita, sobre a Peste Negra en Europa.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Comprende o ascenso da burguesía como novo grupo dentro da sociedade estamental.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.</li> <li>- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A Monarquía Hispánica	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza criticamente a identidade cultural do mundo hispanofalante	PE	100
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia entre fontes primarias e secundarias sobre a Monarquía Hispánica.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende os principais feitos históricos da Monarquía Hispánica.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	É capaz de comprender a heteroxeneidade da sociedade hispánica moderna.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Debate sobre as orixes da idea de España na monarquía dos Reis Católicos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Identifica as principais revoltas sociais ocorridas contra a monarquía hispánica entre os séculos XV e XVII.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial.</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A conquista e colonización de América	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Logra debatir sobre as consecuencias actuais da conquista e colonización de América.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Entende o proceso de colonización de América e a explotación dos seus recursos naturais.	PE	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia entre fontes primarias e secundarias relacionadas coa conquista e colonización do continente americano.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende as consecuencias que tivo para España a conquista de América.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Identifica as desigualdades xeradas polo sistema colonial en América.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Sinala os trazos básicos das civilizacións precolombianas e a súa influencia na sociedade posterior á conquista europea do continente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.</li> <li>- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial.</li> <li>- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Renacemento e Reforma	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Comprende o impacto na actualidade das diferentes relixións protestantes.	PE	100
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Entende o papel do humanismo e a secularización social como aspectos chave da Idade Moderna.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Comprende as características esenciais do Humanismo, o Renacemento e a Reforma protestante.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica os lugares de difusión de cada unha das relixións protestantes.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Asimila os trazos básicos da arte do Renacemento.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	É capaz de comprender a heteroxeneidade do Renacemento tras a súa difusión por Europa.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entende ao Humanismo como precedente dos valores cívicos e democráticos actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	O século do Barroco	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Coñecer as causas e consecuencias máis relevantes da Guerra dos 30 anos.	PE	100
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica con obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Elabora un eixe cronolóxico sobre a evolución das diferentes tendencias artísticas ao longo da Idade Moderna.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica as achegas esenciais da revolución científica moderna.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	É capaz de sinalar os trazos máis significativos da arte barroca europea, española e galega.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas que se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Comprende as diferenzas básicas entre o absolutismo e o parlamentarismo no século XVII.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entender a relevancia da aparición dos réximes parlamentarios na Europa do século XVII.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



## Contidos

- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.
- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.

UD	Título da UD	Duración
10	Os desafíos demográficos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprende as causas principais que explican o avellentamento da poboación actual en España e Galicia.	PE	100
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Entende a evolución dos movementos migratorios mundiais dende o século XIX ata a actualidade.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza as causas das vagas migratorias actuais.		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Diferencia os distintos modelos demográficos e os movementos naturais da poboación mundial mediante a análise de pirámides de poboación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece o papel da muller nos ciclos demográficos		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende o impacto da emigración e inmigración na sociedade actual.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	A través de fontes escritas, comprende o impacto das migracións na súa contorna próxima.		
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a importancia da diversidade social e cultural froito dos movementos migratorios.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Comprende a relación entre as melloras sociais e os cambios nos movementos naturais da poboación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia.</li> <li>- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	Un mundo de cidades	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza as causas do despoboamento rural en España e Galicia a través de mapas xeográficos.	PE	100
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica o proceso de urbanización e os cambios ocorridos nas cidades ao longo da Historia.		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Comprende os principais problemas ambientais e sociais propios do mundo urbano e rural.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Debate sobre problemas actuais das cidades como a xentrificación, planificación urbana ou as megalópolis.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	Desigualdade e cooperación	8

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza e compara novas de prensa sobre problemas actuais.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Comprende as consecuencias que a contaminación do medio natural ten sobre a poboación do Terceiro Mundo.		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Indica algunha medida a realizar para mellorar a sociedade dende o punto de vista social ou ambiental.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Entende o papel da ONU e das ONGs no mantemento da paz, a convivencia e a cooperación internacional.	PE	100
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Realiza unha análise crítica de teorías acientíficas vixentes na sociedade actual.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Adopta unha postura crítica fronte discursos belicistas, xenófobos e discriminatorios.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Valora o papel das Nacións Unidas e das institucións estatais e europeas na construción dun marco pacífico caracterizado polos valores democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital.</li> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> <li>- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.</li> <li>- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas.

Trátase de que o alumnado adquira o coñecemento dos feitos e fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente.

A organización dos saberes de xeografía e historia, a súa programación e secuenciación poden abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas, incidindo na contextualización histórica e xeográfica desde un enfoque multicausal e desde unha perspectiva de estudo comparado. Para iso, pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

O papel estrutural dos procesos e contidos diversos, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, confire a esta materia un papel central á hora de establecer estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa, isto permitirá que o

alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias.

O interese aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, dende unha perspectiva interpretativa do tempo e comprensiva do espazo, xa que facilita dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais para ir propiciando que vaian participando e comprometéndose coa contorna e a comunidade.

O desenvolvemento das competencias son o eixe vertebrador da didáctica docente, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitalas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes.

Por suposto, é recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados (discriminando tarefas, regulando a esixencia, propoñendo alternativas...)

Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceráse un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Así pois, a innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as habilidades, destrezas e intereses.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Atlas
Cartografía
Traballos de campo
Mapas xeográficos
Fichas de control de clase.
Exercicios de clase
Xornal
Aula virtual Moodle do centro

Libro de texto 2º de ESO da Editorial Santillana
Libro de lectura: "El señor del cero" de María Isabel Molina
Fotocopias de follas de actividades.
Textos literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos, e recortes destes
Libros divulgativos recomendados para o alumnado
Vídeos educativos
Uso do ordenador na aula en determinadas sesións.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O departamento de Xeografía e Historia ten como procedemento da avaliación inicial unha proba escrita que pretende detectar os coñecementos previos cara ao proceso de aprendizaxe do alumnado no actual curso. No caso de 2º ESO a proba inicial é a seguinte:

1. SITÚA NOS RECADROS O LUGAR QUE CREES QUE OCUPARÍA A IDADE MEDIA EA IDADE MODERNA TENDO EN CONTA QUE O ÚLTIMO CADRO Á A ETAPA ACTUAL.

2. A QUÉ SÉCULO PERTENCEN OS SEGUINTE ANOS?

1492 \_\_\_\_\_ 27 \_\_\_\_\_ 711 \_\_\_\_\_ 495 \_\_\_\_\_ 1936 \_\_\_\_\_

3. ESCRIBE UNHA BREVE DEFINICIÓN DOS SEGUINTE TÉRMINOS:

FEUDALISMO:

ROMÁNICO:

BURGUESÍA:

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN:

4. ESCRIBE CINCO ACONTECEMENTOS HISTÓRICOS QUE RECORDES.

5. LEE CON ATENCIÓN O SEGUINTE TEXTO E CONTESTA ÁS PREGUNTAS.

Os artesáns, xastres, zapateiros, pañeros, panadeiros, cerraxeros, pintores, carpinteiros, canteiros e construtores constituían asociacións artesanais ou federacións chamadas gremios. Cada un deles, por exemplo o gremio dos xastres, era tan pechado e tiña leis case tan rigorosas como o estamento dos cabaleiros. Non todo o mundo podía alcanzar sen máis nin máis o grao de mestre xastre. Antes había que ser aprendiz durante un tempo determinado; logo, obtíñase o grao de oficial e había que percorrer mundo para coñecer cidades e formas de traballo alleas. Estes oficiais itinerantes percorrían o país a pé e visitaban, a miúdo durante anos, moitas nacións ata o momento de regresar a casa ou atopar unha cidade descoñecida que necesitase—poñamos por caso—un mestre xastre, pois nas cidades pequenas non facían falta moitos e o gremio procuraba con gran rigor que non accedese ao grao de mestre máis xente da que podía achar traballo. O oficial debía demostrar alí o que sabía, é dicir, preparar unha peza mestra (un belo abrigo, por exemplo), e, a continuación, nomeábaselle solemnemente mestre e era recibido no gremio.

a) PONLLE UN TÍTULO AO TEXTO.

b) RESUME O TEXTO NUN MÁXIMO DE CINCO LIÑAS

---



---



---



---

c) EXPLICA QUE É UN GREMIO COAS TÚAS PALABRAS?

---

d) QUÉ IMPORTANCIA TIVERON OS GREMIOS NA IDADE MEDIA?

---

## 6. IDENTIFICA AS SEGUINTE IMAXES.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>7</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	100	<b>100</b>

#### Criterios de cualificación:

As probas obxectivas non serán o único instrumento de avaliación. Sinálase tamén a porcentaxe que se lle fará corresponder, de xeito xenérico, ás múltiples actividades que complementan os exames ou probas obxectivas. Recalcamos e concretamos estes aspectos:

- Na ESO as actividades diarias e traballos repercutirán na nota, de xeito xenérico, nunha porcentaxe do 30%. Para alumnado con medidas de atención á diversidade e circunstancias especiais que así o aconsellen esta porcentaxe poderá chegar ata un 40%.
- As probas obxectivas suporán o 70% da nota final.
- Tódalas actividades desenvolvidas terán repercusión na nota final
- A nota final do curso será a media da nota obtida nas tres avaliacións
- O número de probas escritas será como mínimo de 1 proba obxectiva por avaliación.

#### Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade unha puntuación igual ou superior a cinco puntos en cada unha das avaliacións trimestrais, terá a oportunidade de supera-la materia mediante probas obxectivas de recuperación de carácter trimestral.

A proba de recuperación consistirá nun exame sobre os contidos das probas parciais realizadas durante cada unha das avaliacións. Este exame cualificarase sobre 10 puntos.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente do Departamento de Xeografía e Historia de cursos anteriores ó que se atopen, deberán presentarse, segundo criterio do Departamento, á/ás proba/as escritas da materia non superada. Para o alumnado coa materia pendente do curso anterior, o Departamento coordinará e fará seguimento da avaliación das aprendizaxes do devandito alumnado.

Co obxecto de facilitar ó alumnado a superación das materias pendentes, o Departamento realizará o seguinte plan de traballo:

- O profesorado que lle corresponde a este alumnado no presente curso fará un seguimento do traballo diario, no curso en que está matriculado, en función dos obxectivos fixados para a materia pendente.



- Durante o presente curso realizaranse dúas probas parciais de recuperación ordinaria e outra na que o alumnado se examinará de toda a materia pendente no caso de non ter superado as dúas primeiras probas. Ademais deberán presentar en cada unha das probas parciais, un traballo de exercicios da materia da que se examinen, sempre relacionados coas competencias imprescindibles. A proba escrita de cada parcial suporá un 60% da nota, mentres que o traballo de exercicios terá un valor máximo do 40%.
- Ás datas de exames serán postas polo departamento en colaboración coa xefatura de estudos e serán comunicadas ós interesados.
- Os contidos esixibles axustaranse ós correspondentes aos contidos e competencias indicados na programación. do curso pendente do alumnado.
- En caso de haber alumnado con ACI levará cabo a recuperación con actividades ou exercicios na súa aula de referencia

## 6. Medidas de atención á diversidade

O obxectivo da ensinanza secundaria obrigatoria é atender as necesidades educativas de todo o alumnado, pero este conta con distinta formación, intereses, necesidades, O tratamento da diversidade debe producirse desde o momento da detención dos distintos niveis de coñecementos e actitudes do alumnado.. Por iso, a atención a diversidade debe converterse nun aspecto característico da práctica docente diaria e que no departamento contemplaremos a tres niveis: na programación, na metodoloxía e nos materiais.

Atención á diversidade na programación:

A programación terá en conta que non todo o alumnado adquire ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso se deseña de modo que asegure un nivel mínimo para todo o alumnado o final da etapa, dando oportunidades para recuperar os coñecementos non adquiridos no seu momento.

A atención á diversidade no programa de Xeografía e Historia concrétase, sobre todo, na súa programación circular ou en espiral. Este método consiste en prescindir dos detalles no primeiro contacto do alumno cun tema e preocuparse por ofrecer unha visión global do mesmo.

Atención á diversidade na metodoloxía

No mesmo momento en que se inicia o proceso educativo, comezan a manifestarse diferenzas entre o alumnado. A falta de comprensión dun contido pode ser debida, entre outras causas, a que os conceptos ou procedementos sexan demasiados difíciles para o nivel do alumno, ou a que se avanza con demasiada rapidez, e non da tempo para unha adecuada comprensión. Debido a este feito organizaranse as actividades e problemas en actividades de consolidación, reforzo e ampliación, nas que poidan traballar ou afondar ao alumnado menos ou máis adiantados.

Nin todo o alumnado deben realizar tódalas actividades, nin estas teñen que ser sempre as mesmas para todos. As actividades abertas posibilitan o afondamento nas mesmas segundo o grao de desenvolvemento intelectual, a capacidade persoal e os coñecementos de cada un.

Polo tanto, cada Unidade Didáctica incluírá un gran número de actividades, con niveis de dificultade diferente, que permita unha selección axustada ás necesidades de cada alumno/a..

Nos casos extremos, ou de atención a necesidades educativas especiais, se levarán a cabo, en colaboración co Departamento de Orientación, as correspondentes medidas de atención á diversidade que propón a Administración Educativa.

Tamén en estreita colaboración co Departamento de Orientación trabállase co alumnado que precisa de Adaptacións Curriculares.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social								X
ET.2 - Educación ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade		X						

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade		X		
ET.4 - Emprendemento			X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita				
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible		X	X	X
ET.7 - Educación para a paz				
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.

Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita Catedral de Santiago	Pórtico da Gloria, cubertas da Catedral. A cidade medieval		X	

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe
Ofrece oportunidades de recuperación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
A temporalización foi adecuada
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados

Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia
Planifica leccións, ensina e avalía
Emprega variedade de recursos
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
É innovador/a
Revisa a realización das tarefas propostas
Sabe dirixir as clases
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Cumpriu co horario de clase
Clima de traballo na aula
Motiva ao alumnado
Valora o esforzo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Valoración xeral da materia

### Descrición:

Para avaliar a práctica docente utilizaremos estes indicadores que serven para a adecuación aos tempos fixados na programación didáctica, a metodoloxía, os recursos, a avaliación e a coordinación dentro do departamento.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da aplicación da programación farase nomeadamente a través das reunións de Departamento, onde se revisará periodicamente a súa aplicación, así coma os posibles cambios que haxa que efectuar na mesma de ser necesario no decorrer do curso. Todos os acordos serán recollidos nas correspondentes actas de reunión. Amais disto, ao final de curso farase unha reflexión xeral sobre a aplicación da programación atendendo aos seguintes criterios:

En canto á temporalización e recursos:

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.
- Existe unha distribución equilibrada.
- A secuenciación é axeitada.
- Validez dos recursos utilizados na clase.
- Os libros de texto e os libros de lectura propostos axústanse ao desexado.

En canto á avaliación:

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.
  - Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer: ao alumnado e ás familias
- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar distintas variables da aprendizaxe.

## **9. Outros apartados**

### **1. PROGRAMACIÓN XEOGRAFÍA E HISTORIA 2º ESO CURSO 2023/2024**

Programación dos contidos curriculares de 2º ESO da materia de Xeografía e Historia relacionados coa Xeografía humana xunto a Idade Media e a Historia Moderna.